

ACTA DA MESA DE CONTRATACIÓN DO 21 DE DECEMBRO DE 2017

Na Sala de reunións do Servizo de Contratación da Casa do Concello de Vigo, ás 10:05 horas do día 21 de decembro de 2017, reúnese a Mesa de Contratación do Concello de Vigo convocada polo presidente o 19 de decembro, para tratar os asuntos da orde do día que figuran na convocatoria.

Asisten á reunión da Mesa de Contratación:

Presidente: D. David Regades Fernández

Vocais: D^a. Susana García Álvarez
D^a. Olga Gómez Corbal
D. José Riesgo Boluda
D. José Ángel Otero Lamas (asiste aos puntos 7, 8, 9, 10 e 11)
D. Óscar Couce Senra (asiste aos puntos 7, 8, 9, 10 e 11)

Secretaria: D^a. Ángela Fernández López

Aberta a sesión polo Sr. presidentes procédese a tratar os puntos incluídos na orde do día:

1.- Aprobación de actas

a) Acta da sesión do 14 de decembro de 2017

Apróbase a acta da sesión do 14 de decembro de 2017 cos votos de D^a. Susana García Álvarez, D^a. Olga Gómez Corbal, D. José Riesgo Boluda e D. Óscar Couce Senra.

b) Acta da sesión do 15 de decembro de 2017

Apróbase a acta da sesión do 15 de decembro de 2017 cos votos de D^a. Susana García Álvarez, D^a. Olga Gómez Corbal e D. Óscar Couce Senra.

c) Acta da sesión do 19 de decembro de 2017

Apróbase a acta da sesión do 19 de decembro de 2017 cos votos de D. David Regades Fernández, D^a. Susana García Álvarez, D^a. Olga Gómez Corbal e D. Antonio Vivero Mijares.

7.- Estudo e, no seu caso, aceptación dos informes sobre a valoración das xustificacións das ofertas con valores anormais ou desproporcionados

a) Procedemento aberto para a contratación das obras de cubrición do patio do Colexio Carballal (4.859-440)

A secretaria lembra aos membros da Mesa que o 11 de decembro de 2017 en cumprimento do acordado na sesión do mesmo día, se iniciou o procedemento previsto no artigo 152 do TRLCSP co seguinte licitador:



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 12/05/2024 20:04	Páxina 1 de 9
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A6AB4E-C5D322-5H57DC-9XQWQ8-LNK91Y-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

1. CONSTRUCCIONES CASTRO FIGUEIRO, S.L.U.

Durante o prazo concedido, o referido licitador presentou documentación, da que se deu traslado ao responsable do contrato.

O 15 de decembro de 2017 o enxeñeiro de Camiños, Canles e Portos - FEDER Vigo Vertical emitiu informe sobre a xustificación presentada no que conclúe *“non se pode chegar á conclusión de que se cumpren os requisitos establecidos no artigo 152 do TRLCSP para considerar xustificada á baixa anormal ou desproporcionada e que poida con ela cumprir o contrato”*.

A Mesa, por unanimidade, acepta o anterior informe e acorda propoñer á Xunta de Goberno local, na súa calidade de órgano de contratación, a exclusión deste procedemento de CONSTRUCCIONES CASTRO FIGUEIRO, S.L.U. por conter a súa oferta valores anormais ou desproporcionados e non telos xustificado.

b) **Procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto Vigo Vertical de desenvolvemento urbano sustentable na rúa Juan Ramón Jiménez, entre Torrecedeira e Pi Margall (4.860-440)**

A secretaria lembra aos membros da Mesa que o 15 de decembro de 2017, en cumprimento do acordado na sesión do mesmo día, se iniciou o procedemento previsto no artigo 152 do TRLCSP co seguinte licitador:

1. PETROLAM INFRAESTRUCTURAS, S.L.

Durante o prazo concedido o referido licitador non presentou documentación ningunha.

En consecuencia, a A Mesa, por unanimidade, acorda propoñer á Xunta de Goberno local, na súa calidade de órgano de contratación, a exclusión deste procedemento de PETROLAM INFRAESTRUCTURAS, S.L. por conter a súa oferta valores anormais ou desproporcionados e non telos xustificado no prazo concedido.

c) **Procedemento aberto para a contratación das obras de humanización da rúa Marqués de Valterra. Fase II (4.838-440)**

A secretaria lembra aos membros da Mesa que o 14 de decembro de 2017, en cumprimento do acordado na sesión do mesmo día, se iniciou o procedemento previsto no artigo 152 do TRLCSP co seguinte licitador:

1. MOVIMIENTO DE ÁRIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA, S.L.

Durante o prazo concedido o referido licitador non presentou documentación ningunha.

En consecuencia, a A Mesa, por unanimidade, acorda propoñer á Xunta de Goberno local, na súa calidade de órgano de contratación, a exclusión deste procedemento de 1. MOVIMIENTO DE ÁRIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA, S.L. por conter a súa oferta valores anormais ou desproporcionados e non telos xustificado no prazo concedido.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 12/05/2024 20:04	Páxina 2 de 9
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A6AB4E-C5D322-5H57DC-9XQWQ8-LNK91Y-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Servizo de
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA
DE
CONTRATACIÓN

CONCELLO
DE VIGO



8.- Entrega dos informes de valoración dos criterios de adxudicación nos procedementos abertos, negociados e restrinxidos

- a) **Procedemento aberto para a contratación das obras de cubrición do patio do Colexio Carballal (4.859-440) (informe sobre C e proposta de clasificación)**

Entrégase o informe asinado polo xefe do Servizo Administrativo e Control Orzamentario e o xefe da Área de Investimentos o 18 de decembro de 2017 de valoración do sobre C “proposición avaliable mediante fórmula” coa proposta de clasificación.

- b) **Procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto Vigo Vertical de desenvolvemento urbano sustentable na rúa Juan Ramón Jiménez, entre Torrecedeira e Pi Margall (4.860-440) (informe sobre C e proposta de clasificación)**

Entrégase o informe asinado polo xefe do Servizo Administrativo e Control Orzamentario e o xefe da Área de Investimentos o 20 de decembro de 2017 de valoración do sobre C “proposición avaliable mediante fórmula” coa proposta de clasificación.

- c) **Procedemento aberto para a contratación das obras de humanización da rúa Marqués de Valterra. Fase II (4.838-440)(informe sobre C e proposta de clasificación)**

Entrégase o informe asinado polo xefe do Servizo Administrativo e Control Orzamentario e o xefe da Área de Investimentos o 20 de decembro de 2017 de valoración do sobre C “proposición avaliable mediante fórmula” coa proposta de clasificación.

9.- Estudo e, no seu caso, aceptación dos informes de valoración dos criterios de adxudicación nos procedementos abertos, negociados e restrinxidos

- a) **Procedemento aberto para a contratación das obras de cubrición do patio do Colexio Carballal (4.859-440)**

A Mesa aproba, por unanimidade, o informe asinado polo xefe do Servizo Administrativo e Control Orzamentario e o xefe da Área de Investimentos o 18 de decembro de 2017 de valoración do sobre C “proposición avaliable mediante fórmula” coa proposta de clasificación.

- b) **Procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto Vigo Vertical de desenvolvemento urbano sustentable na rúa Juan Ramón Jiménez, entre Torrecedeira e Pi Margall (4.860-440)**

A Mesa aproba, por unanimidade, o informe asinado polo xefe do Servizo Administrativo e Control Orzamentario e o xefe da Área de Investimentos o 18 de decembro de 2017 de valoración do sobre C “proposición avaliable mediante fórmula” coa proposta de clasificación.

- c) **Procedemento aberto para a contratación das obras de humanización da rúa Marqués de Valterra. Fase II (4.838-440)**



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 12/05/2024 20:04	Páxina 3 de 9
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A6AB4E-C5D322-5H57DC-9XQWQ8-LNK91Y-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

A Mesa aproba, por unanimidade, o informe asinado polo xefe do Servizo Administrativo e Control Orzamentario e o xefe da Área de Investimentos o 18 de decembro de 2017 de valoración do sobre C “proposición avaliable mediante fórmula” coa proposta de clasificación.

10.- Propostas de clasificación

a) Procedemento aberto para a contratación das obras de cubrición do patio do Colexio Carballal (4.859-440)

Á vista das actuacións desta Mesa de Contratación e dos informes de valoración das proposicións presentadas, por unanimidade dos asistentes, propónse á Xunta de Goberno local, na súa calidade de órgano de contratación (disposición adicional 2ª TRLCSP), a adopción do seguinte acordo:

“Primeiro.- Excluir deste procedemento aos seguintes licitadores, por conter as súas ofertas valores anormais ou desproporcionados, porque non se cumpren os requisitos para consideralas xustificadas consonte o informe do enxeñeiro municipal de data 15 de decembro de 2017:

1. CONSTRUCCIONES CASTRO FIGUEIRO, S.L.U.

Segundo.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas no procedemento aberto para a contratación das obras de cubrición do patio do Colexio Carballal (4.859-440) na seguinte orde descendente:

	Empresas	Puntuación
1	ORECO, S.A.	97,76
2	PRACE, SERVICIOS Y OBRAS, S.A.	96,02
3	CONSTRUCCIONES ABAL, S.A.	89,28
4	AN ROD LATEM, S.L.	80,84

Terceiro.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, ORECO, S.A., para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 151.2 TRLCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 21 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).
3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 22 do prego de cláusulas administrativas particulares.

Cuarto.- Requirir ao citado licitador o aboamento de 999,02 euros en concepto de custos dos anuncios de licitación”.

b) Procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto Vigo Vertical de desenvolvemento urbano sustentable na rúa Juan Ramón Jiménez, entre Torrecedeira e Pi Margall (4.860-440)



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 12/05/2024 20:04	Páxina 4 de 9
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A6AB4E-C5D322-5H57DC-9XQWQ8-LNK91Y-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

**Servizo de
CONTRATACIÓN**

**CONCELLERÍA
DE
CONTRATACIÓN**

**CONCELLO
DE VIGO**



Á vista das actuacións desta Mesa de Contratación e dos informes de valoración das proposicións presentadas, por unanimidade dos asistentes, propónse á Xunta de Goberno local, na súa calidade de órgano de contratación (disposición adicional 2ª TRLCSP), a adopción do seguinte acordo:

“Primeiro.- Excluir deste procedemento aos seguintes licitadores, por conter as súas ofertas valores anormais ou desproporcionados, porque non presentaron xustificación ningunha durante o prazo conferido ao efecto, en cumprimento do disposto no artigo 152 do TRLCSP, segundo o informe do xefe da área de Inversións e do xefe servizo Administrativo e de Control Orzamentario de data 20 de decembro de 2017:

1. PETROLAM INFRAESTRUCTURAS, S.L.

Segundo.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas no procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto Vigo Vertical de desenvolvemento urbano sustentable na rúa Juan Ramón Jiménez, entre Torrecedeira e Pi Margall (4.860-440) na seguinte orde descendente:

	Licitadores	Puntuación
1	UTE: PRACE, SERVICIOS Y OBRAS, S.A.-COPSESA	90,21
2	CONSTRUCCIONES RAMIREZ, S.L.U.	89,44
3	HIDROMIÑO S L	88,66
4	CIVIS GLOBAL SL	88,61
5	U.T.E.: C.D.INDEPO S.L.U. - DEMAÍN	88,55
6	OGMIOS PROYECTO, S.L.	87,98
7	UTE: XESTION AMBIENTAL DE CONTRATAS, S.L. - ABECONSA, S.L.	87,18
8	SA DE OBRAS Y SERVICIOS, COPASA	86,04
9	MISTURAS, S.A.	83,71
10	EXTRACO, S.A.	83,38
11	COPCISA, S.A.	82,31
12	CONSTRUCTORA SAN JOSE, S.A.	78,93
13	DRAGADOS SA	71,87
14	ORECO S.A	71,07
15	VIAS Y CONSTRUCCIONES, S.A.	47,32

Terceiro.- Requerir ao licitador clasificado en primeiro lugar, UTE PRACE, SERVICIOS Y OBRAS, S.A.-COPSESA, para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 151.2 TRLCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 21 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).
3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 22 do prego de cláusulas administrativas particulares.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 12/05/2024 20:04	Páxina 5 de 9
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A6AB4E-C5D322-5H57DC-9XQWQ8-LNK91Y-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Cuarto.- Requerir ao citado licitador o aboamento de 971,18 euros en concepto de custos dos anuncios de licitación”.

Este proxecto é susceptible de ser cofinanciado polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER) nunha porcentaxe do 80%- PROXECTO EDUSI VIGO VERTICAL. Se finalmente é aceptada a súa proposta vai aparecer na lista pública prevista no artigo 115, apartado 2 do Regulamento (UE) 1303/2013 do Parlamento Europeo e do Consello de 17 decembro de 2013.

c) Procedemento aberto para a contratación das obras de humanización da rúa Marqués de Valterra. Fase II (4.838-440)

Á vista das actuacións desta Mesa de Contratación e dos informes de valoración das proposicións presentadas, por unanimidade dos asistentes, propónse á Xunta de Goberno local, na súa calidade de órgano de contratación (disposición adicional 2ª TRLCSP), a adopción do seguinte acordo:

“Primeiro.- Excluir deste procedemento aos seguintes licitadores, por conter as súas ofertas valores anormais ou desproporcionados, porque non presentaron xustificación ningunha durante o prazo conferido ao efecto, en cumprimento do disposto no artigo 152 do TRLCSP, segundo o informe do xefe da área de Inversións e do xefe servizo Administrativo e de Control Orzamentario de data 20 de decembro de 2017:

1. MOVIMIENTO DE ARIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA, S.L.

Segundo.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas no procedemento aberto para a contratación das obras de humanización da rúa Marqués de Valterra. Fase II (4.838-440) na seguinte orde descendente:

	Licitadores	Puntuación
1	XESTION AMBIENTAL DE CONTRATAS SL	97,37
2	UTE PRACE, SERVICIOS Y OBRAS, S.A.- CONSTRUCTORA OBRAS PUBLICAS SAN EMETERIO, S.A.	94,26
3	CONSTRUCCIONES RAMIREZ, S.L.U.	93,35
4	C. D. INDEPO S. L.	89,13
5	ORECO S.A	89,03
6	NAROM, S.L.	88,83
7	NEMESIO ORDOÑEZ, S.A.	88,16
8	ORESA SL	87,25
9	CONSTRUCCIONS OBRAS E VIAIS S.A.	87,09
10	NEXIA INFRAESTRUCTURAS, S.L.U.	87,01
11	CIVISGLOBAL, S.L.U.	85,01
12	HORDESCON, S.L.	82,63
13	CONSTRUCCIONES TABOADA Y RAMOS SL	74,90
14	CONSTRUCCIONES FECHI, S.L.U.	75,82



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 12/05/2024 20:04	Páxina 6 de 9
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A6AB4E-C5D322-5H57DC-9XQWQ8-LNK91Y-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Servizo de
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA
DE
CONTRATACIÓN

CONCELLO
DE VIGO



Terceiro.- Requerir ao licitador clasificado en primeiro lugar, XESTION AMBIENTAL DE CONTRATAS, S.L., para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 151.2 TRLCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 21 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).
3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 22 do prego de cláusulas administrativas particulares.

Cuarto.- Requerir ao citado licitador o aboamento de 929,40 euros en concepto de custos dos anuncios de licitación”.

Este proxecto é susceptible de ser cofinanciado polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER) nunha porcentaxe do 80%- PROXECTO EDUSI VIGO VERTICAL. Se finalmente é aceptada a súa proposta vai aparecer na lista pública prevista no artigo 115, apartado 2 do Regulamento (UE) 1303/2013 do Parlamento Europeo e do Consello de 17 decembro de 2013.

11.- Propostas de adxudicación

- a) **Procedemento aberto de servizos para a redacción do proxecto de execución das obras dun pavillón polideportivo cuberto e instalacións complementarias para a completa urbanización das parcelas nº 28 e 29 do plan parcial S.U.P. P.P. 1 Quirós (4.639-440)**

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Real decreto lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos do sector público (TRLCSP)
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto lexislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto de servizos para a redacción do proxecto de execución das obras dun pavillón polideportivo cuberto e instalacións complementarias para a completa urbanización das parcelas nº 28 e 29 do plan parcial S.U.P. P.P. 1 Quirós (4.639-440)

ANTECEDENTES

Primeiro.- A Xunta de Goberno local na sesión que tivo lugar o 28 de novembro de 2017, adoptou o seguinte acordo:



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 12/05/2024 20:04	Páxina 7 de 9
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A6AB4E-C5D322-5H57DC-9XQWQ8-LNK91Y-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

“Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto de servizos para a redacción do proxecto de execución das obras dun pavillón polideportivo cuberto e instalacións complementarias para a completa urbanización das parcelas nº 28 e 29 do plan parcial S.U.P. P.P. 1 Quirós (4.639-440) na seguinte orde descendente:

	Licitadores	Puntuación
1	UTE CONSULTORÍA, INGENIERÍA Y SERVICIOS INTEGRADOS DE LA CONSTRUCCIÓN, S.A. e NAOS 04 ARQUITECTOS, S.L.P.	98,50
2	SOLTEC INGENIEROS, S.L.	89,48
3	PROYECTOS Y OBRAS DE ESTRUCTURAS E INSTALACIONES, S.L.	82,49
4	JORGE BARATA MARTÍNEZ	81,50

Segundo.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, UTE CONSULTORÍA, INGENIERÍA Y SERVICIOS INTEGRADOS DE LA CONSTRUCCIÓN, S.A. e NAOS 04 ARQUITECTOS, S.L.P., para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 151.2 TRLCSP):

- 1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.*
- 2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 21 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).*
- 3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 22 do prego de cláusulas administrativas particulares.*

Terceiro.- Requirir ao citado licitador o aboamento de 1.184,60 euros en concepto de custos dos anuncios de licitación”.

Segundo.- Este acordo foi notificado ao licitador clasificado en primeiro lugar, UTE CONSULTORÍA, INGENIERÍA Y SERVICIOS INTEGRADOS DE LA CONSTRUCCIÓN, S.A. e NAOS 04 ARQUITECTOS, S.L.P., o día 30 de novembro de 2017, que presenta a documentación requirida o 18 de decembro de 2017, dentro do prazo concedido.

Terceiro.- A Mesa de Contratación na sesión do 21 de decembro de 2017 revisou a documentación presentada, sendo esta correcta, polo que acordou, por unanimidade dos membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 12/05/2024 20:04	Páxina 8 de 9
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A6AB4E-C5D322-5H57DC-9XQWQ8-LNK91Y-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Servizo de
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA
DE
CONTRATACIÓN

CONCELLO
DE VIGO



licitadores e, simultaneamente, publicárase no perfil de contratante (artigo 151.4 TRLCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar UTE CONSULTORÍA, INGENIERÍA Y SERVICIOS INTEGRADOS DE LA CONSTRUCCIÓN, S.A. e NAOS 04 ARQUITECTOS, S.L.P., como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que presente a proposición que contivese a oferta economicamente máis vantaxosa de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexe a licitación (artigo 22.1.g RLCSP).

A primeira oferta economicamente máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por UTE CONSULTORÍA, INGENIERÍA Y SERVICIOS INTEGRADOS DE LA CONSTRUCCIÓN, S.A. e NAOS 04 ARQUITECTOS, S.L.P., de acordo cos informes de valoración das proposicións avaliábeis mediante xuízo de valor e das proposicións avaliábeis mediante fórmula, de datas 10/11/2017 e 17/11/2017, respectivamente.

Terceiro.- A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 3 da disposición adicional segunda do TRLCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“Adxudicar a UTE CONSULTORÍA, INGENIERÍA Y SERVICIOS INTEGRADOS DE LA CONSTRUCCIÓN, S.A. e NAOS 04 ARQUITECTOS, S.L.P., o procedemento aberto de servizos para a redacción do proxecto de execución das obras dun pavillón polideportivo cuberto e instalacións complementarias para a completa urbanización das parcelas nº 28 e 29 do plan parcial S.U.P. P.P. 1 Quirós (4.639-440) coas seguintes condicións:

a) O prezo total do contrato é de 69.741,97 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 12.103,98 euros.

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada”.

Non tendo máis asuntos que tratar, o presidente declara finalizada a sesión ás 10:45 horas. De todo o tratado eu secretaria dou fe.

O presidente da Mesa de Contratación
(sinatura dixital)

A secretaria da Mesa de Contratación
(sinatura dixital)



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 12/05/2024 20:04	Páxina 9 de 9
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A6AB4E-C5D322-5H57DC-9XQWQ8-LNK91Y-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		